




**Observatorio da
Vivenda de Galicia**



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



VIVENDA E EMANCIPACIÓN EN GALICIA

XUNTA DE GALICIA



EMANCIPACIÓN XUVENIL

Índice de contidos

1. <i>Introdución</i>	4
2. <i>Metodoloxía</i>	6
3. <i>Análise estatística</i>	8
3.1. Taxa de emancipación.....	8
3.2. Datos sociolaborais.....	13
3.3. Custo de acceso á vivenda	24
4. <i>Análise da oferta nos portais inmobiliarios</i>	28
5. <i>Axudas e subvencións</i>	33
5.1. Axudas directas	33
5.2. Axudas indirectas.....	35
5.3. Outras axudas relacionadas coa mocidade.....	36
6. <i>Conclusións</i>	41

1. INTRODUCCIÓN



**XUNTA
DE GALICIA**



1. Introducción

Para estudar e entender as dificultades que pode atopar unha persoa nova á hora da emancipación, cómpre estudar a cuestión dende múltiples perspectivas, como os aspectos demográficos, o nivel de formación, o nivel de ingresos, a calidade do emprego e o custo da vivenda.

Por este motivo, o presente estudo conta coa seguinte estrutura que se explica a continuación. Un primeiro apartado dedícase á análise estatística, para coñecer, en primeiro lugar, a taxa de emancipación galega en relación co resto de comunidades autónomas, así como a súa evolución dende 2006, segundo sexo e grupos de idade.

Unha segunda parte estuda os ingresos, e os datos laborais e sociolóxicos da mocidade, para despois poñelos en relación co custo da vivenda e avaliar o esforzo para o acceso a ela nunha terceira epígrafe e pechar así a análise estatística.

Tras analizar a demanda abórdase o tema da oferta, coa realización dunha investigación en portais inmobiliarios que pon en relación a tipoloxía familiar dos fogares mozos coa tipoloxía da vivenda ofrecida no mercado.

Finalmente, realízase unha enumeración das axudas e as subvencións dirixidas á mocidade, tanto directas como indirectas e relacionadas coa contratación e o emprego.

2. METODOLOXÍA



**XUNTA
DE GALICIA**

2. Metodoloxía

Neste apartado detallaranse as fontes utilizadas para realizar o presente estudo e as principais definicións.

Aínda que segundo a lei de xuventude de Galicia (Lei 6/2012, do 19 de xuño) considérase como poboación nova todas as persoas que teñen entre 14 e 30 anos, neste estudo sitúase o maior punto de interese e detalle no tramo específico de 16 a 29 anos, estándar europeo nas investigacións e informes institucionais sobre o emprego xuvenil.

As variables de idade inclúen os extremos inferior e superior. Por poñer un exemplo, o grupo de persoas de entre 18 e 24 anos está formado por todas as que teñan idades comprendidas entre 18 anos acabados de cumprir e 24 anos e 364 días.

No caso dos fogares formados por menores de 35, o dato refírese á persoa de referencia, aquela persoa de 16 ou máis anos que é considerada polos membros do fogar como cabeza de familia. Se nun fogar non é posible determinar a persoa de referencia, estableceuse que esta sexa a que proporciona a información sobre o resto de membros do fogar.

Para o cálculo da taxa de emancipación considéranse as mozas e os mozos que constan como “persoa de referencia”, “cónxuxe” ou “persoa non emparentada” na EPA.

As fontes utilizadas para a análise estatística son as seguintes:

- Informe do Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España do segundo trimestre de 2018
- Enquisa de Poboación Activa (INE) do último trimestre de 2018
- Enquisa Estrutural aos Fogares (IGE) de 2017
- Boletín sobre alugueiro residencial do Observatorio de Vivenda e Solo do Ministerio de Fomento (setembro de 2019)
- Estatísticas de valor taxado da vivenda do Ministerio de Fomento (setembro de 2019)
- Fianzas de alugueiros de vivendas do Observatorio de Vivenda de Galicia do IGVS
- Para o cuarto apartado, realizouse unha procura no portal inmobiliario Idealista entre o 7 e o 21 de novembro de 2019.

No último apartado, dedicado a axudas e subvencións, recóllense as directas e indirectas convocadas no ano 2019. A epígrafe 5.3 obtense dunha busca realizada na sede electrónica da Xunta de Galicia coas etiquetas “axudas e subvencións”, “programas” e “mozos e mozas”, así como no buscador do Igape (2019) por palabras clave (mocidade e xuventude).

3. ANÁLISE ESTATÍSTICA



**XUNTA
DE GALICIA**

3. Análise estatística

Neste apartado do estudo analizaranse diversas estatísticas de fontes secundarias relacionadas coa emancipación xuvenil, as condicións sociolaborais da mocidade e o custo de acceso á vivenda, estruturados en subapartados de igual nome.

Como prólogo deste apartado, ofrécese os seguintes datos xerais a modo de contexto. A poboación de entre 16 e 34 anos, de case medio millón de persoas, representa case un quinto do total da comunidade, o 17,5 %, e a poboación entre 16 e 29 anos representa o 11,9 %. A desagregación por grupos de idade deste conxunto mostra que o peso específico de cada grupo aumenta segundo a idade: os mozos e mozas de entre 30 e 34 anos representan case o dobre dos que teñen entre 16 e 19.

Poboación moza en Galicia por tramos de idade


	16-19	20-24	25-29	30-34	Total
Homes	43 750	56 321	64 185	75 922	240 178
Mulleres	41 214	53 960	62 378	75 752	233 304
Total	84 964	110 281	126 563	151 674	473 482
% sobre o total	17,9%	23,3%	26,7%	32,0%	

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes (2018)

3.1. Taxa de emancipación

Segundo o informe do Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España do segundo trimestre de 2018, este ano conclúe coa menor proporción de persoas mozas emancipadas na última década. Este é un proceso que arranca en 2009 e que chegou agora a cotas semellantes ás de mediados dos noventa, mentres que entre 2001 e 2008 foi aumentando ano tras ano.

Taxa de emancipación de mocidade entre 16-29 anos (2018T4)



Fonte: Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España

A pesar de situarse na parte intermedia da táboa, cunha taxa de emancipación do 18,1 % (a media española é do 19 %), Galicia é a comunidade que rexistra unha menor caída dende 2008 (-2,69 %). As Illas Baleares, pola súa banda, e a Comunidade Valenciana lideran a táboa, pois superan os dez puntos de diferenza con respecto a 2008.


Variación da taxa de emancipación

Comunidade autónoma	VAR 2008	Comunidade autónoma	VAR 2008
Baleares	-12,75	Castela e León	-6,01
Comunidade Valenciana	-10,89	Navarra	-5,48
Castela-A Mancha	-8,34	País Vasco	-5,13
Comunidade de Madrid	-7,6	Cantabria	-4,93
Cataluña	-7,25	Extremadura	-3,92
España	-6,94	Asturias	-3,84
Andalucía	-6,87	Aragón	-3,64
Canarias	-6,52	A Rioxa	-3,63
Rexión de Murcia	-6,2	Galicia	-2,69

Fonte: Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España

A desagregación por sexo indícanos que esta caída dende 2008 é máis pronunciada nas mulleres que nos homes (-4,01 % fronte a -1,37 % en Galicia). A taxa de emancipación feminina entre 16 e 29 anos é do 21,6 %, mentres que a dos homes é do 15,3 %, case seis puntos inferior. En comparación co total de España, esta diferenza é aínda maior: a taxa masculina na comunidade galega é practicamente igual á estatal, cando a das mulleres é un punto inferior

Taxa de emancipación mulleres e homes entre 16-29 anos (2018T4)




Fonte: Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España

Taxa de variación da emancipación mulleres e homes

Comunidade autónoma	Variación 2008 homes	Variación 2008 Mulleres
Andalucía	-6,67	-7,08
Aragón	-5,12	-2,22
Asturias	0,52	-8,36
Balears	-13,61	-11,97
Canarias	-6,62	-6,44
Cantabria	-16,8	-2,89
Castilla y León	-6,23	-5,82
Castilla-La Mancha	-7,27	-9,63
Cataluña	-6,14	-8,51
Comunidade de Madrid	-7,01	-8,26
Comunidade Valenciana	-8,12	-13,84
España	-5,98	-7,99
Extremadura	-1,06	-7
Galicia	-1,37	-4,01
La Rioja		-7,98
Navarra	-5,26	-5,84
País Vasco	-3,95	-6,49
Rexión de Murcia	-2,93	-9,89

Fonte: Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España

No caso da poboación de entre 30 e 34 anos, aínda que Galicia é a terceira comunidade cunha taxa de emancipación menor neste tramo de idade (63,8 % fronte a 71,8 % estatal) é unha das cinco comunidades onde esta porcentaxe sobe dende 2008. Concretamente, increméntase un 2,33 %, só por detrás de Asturias, cunha suba do 7,46 %.

Taxa de emancipación de mocidade entre 30–34 anos (2018T4)


Fonte: Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España

Taxa de variación da emancipación de mocidade entre 30 – 34 anos

Comunidade autónoma	Variación 2008	Comunidade autónoma	Variación 2008
Canarias	-8,8	España	-2,53
Comunidade Valenciana	-7,45	Estremadura	-1,91
Castela-A Mancha	-5,7	Comunidade de Madrid	-1,16
Cantabria	-5,51	País Vasco	-0,38
Navarra	-5,03	Castela e León	0,78
Andalucía	-4,76	Cataluña	1,14
Rexión de Murcia	-4,73	A Ríoxa	2,13
Aragón	-3,37	Galicia	2,33
Baleares	-3,12	Asturias	7,46


Fonte: Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España

Na nosa comunidade, a caída da taxa de emancipación empeza a finais de 2011 (24,7 % foi o dato máis elevado, no terceiro trimestre dese ano) e experimentou no último ano unha estabilización, pero aínda está lonxe da porcentaxe alcanzada hai oito anos (no último trimestre do 2018, o 18,1 % das persoas entre 16 e 29 anos estaba emancipada).

A desagregación por sexos mostra que, aínda que a porcentaxe de mulleres emancipadas é máis alta que a dos homes, tamén rexistra unha maior caída, mentres que no caso dos homes se mantén máis ou menos estable.

A porcentaxe de persoas emancipadas entre 30 e 34 anos presenta unha evolución con flutuacións moito máis suaves que para o conxunto de mozos e mozas de entre 16 e 29.

Evolución da taxa de emancipación da mocidade entre 16 -29 anos (2006-2019)



Fonte: Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España

Aínda que a taxa de emancipación na poboación de 30 a 34 anos permanece máis estable e mesmo presenta un mellor dato que en 2008, é 12,1 puntos menor que no conxunto do Estado. A fenda entre a taxa galega e a española diminúe segundo o tramo de idade: é de 10,9 puntos para o de 25 a 29 anos, e de 1,5 puntos para a mocidade de 16 a 24.

Taxa de emancipación xuvenil por idades (4T 2018)




Fonte: Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España

Dos mozos e mozas de entre 16 e 29 anos que xa non habitan no domicilio familiar, un 20,4 % reside en vivendas de propiedade totalmente pagadas, a proporción máis elevada de toda España, segundo o Observatorio de Emancipación. Só o 50,2 % vive de alugueiro, mentres que a media estatal é case dez puntos maior. Isto pode reflectir a importancia do apoio familiar nos procesos de emancipación na nosa comunidade.

Segundo os datos da Enquisa Estrutural aos Fogares, aínda que con datos máis antigos que os do Observatorio de Emancipación pero igualmente válidos para observar a tendencia (a última é do 2017), nos concellos máis pequenos a porcentaxe de poboación emancipada é moito menor, sobre todo no tramo de 25 a 34 anos.


Mozos/as que viven cos pais por tamaño do concello e idades



Fonte: Enquisa Estrutural a Fogares

Tamén cos datos da Enquisa Estrutural aos Fogares é posible estudar a evolución do número de fogares compostos por menores de 35 anos en Galicia. Estes pasaron de 99 094 (9,9 %) en 2007 a 60 509 (5,7 %) en 2017, cuestión que pode explicarse por factores como o envellecemento da poboación, a emigración ou a volta á casa familiar de persoas novas previamente emancipadas.

Fogares compostos por persoas menores de 35 anos sobre o total de fogares (2007-2017)




Fonte: Enquisa Estrutural a Fogares

3.2. Datos sociolaborais


A taxa de ocupación da mocidade galega de entre 16 e 25 anos é do 47,1 %, algo máis de tres puntos inferior á do conxunto de España. Dende hai seis anos, aproximadamente, a evolución é positiva, aínda que se duplicou a diferenza entre a taxa galega e española.

Taxa de ocupación da mocidade entre 16 – 25 anos (2002 – 2019)



Fonte: Enquisa de poboación activa


Taxa de paro da mocidade entre 16 – 25 anos (2002 – 2019)



Fonte: Enquisa de poboación activa

Tendo en conta a análise desagregada, obsérvase que, como se esperaba, o nivel de ocupación aumenta segundo o tramo de idade e o de inactividade diminúe. A taxa de paro entre os 20 e os 34 anos é practicamente idéntica, aínda que as persoas que buscan o seu primeiro emprego son menos porcentualmente segundo aumenta a idade. Hai 11 600 mozos e mozas na procura do seu primeiro emprego, e 40 600 que xa traballaron mais que están no paro.


Poboación de 16 e máis anos por relación coa actividade económica (4T 2018)



Fonte: IGE a partir da EPA

Con respecto ás características do traballo da mocidade, obsérvase que a temporalidade ten relación coa idade: a porcentaxe de persoas menores de 35 anos cun contrato temporal é de máis do dobre que nos maiores desa idade.


Poboación asalariada segundo tipo de contrato (4T2018)



Fonte: IGE a partir da EPA

Aínda que a fenda de xénero é visible nos traballadores/as maiores de 35, na poboación nova non se aprecia diferenza.


Poboación asalariada segundo tipo de contrato por sexo (4T2018)



Fonte: IGE a partir da EPA

Con respecto ao tipo de xornada, si que se observa que hai unha maior incidencia de contratos temporais segundo diminúe a idade, e que neste caso a fenda de xénero é visible tamén na mocidade. Non sigue un patrón claro: a maior fenda dáse no tramo 16-19, seguida polo 30-34.


Poboación de 16 ou máis anos ocupada segundo tipo de xornada (4T2018)



Fonte: IGE a partir da EPA

Case un 30 % da poboación subocupada (quen traballa menos de 35 horas por causas alleas á súa vontade e está en disposición de traballar máis) ten entre 25 e 34 anos, o que supón un total de 28 700 persoas.

Poboación ocupada subempregada por grupos de idade (4T2018)




Fonte: IGE a partir da EPA

Con respecto ao nivel de estudos, case a metade dos mozos e mozas de entre 25 e 35 anos ten estudos superiores, porcentaxe superior á do conxunto de España.


Por outra banda, 133 600 mozos e mozas de entre 16 e 34 anos estudan e traballan ao mesmo tempo (14 900 teñen entre 16 e 24 anos, e 38 700 entre 25 e 34), entre un 20 % e un 40 % do total de ocupados/as segundo o tramo de idade.

Poboación de 16 ou máis anos por nivel de formación alcanzado (4T 2018)



Fonte: IGE a partir da EPA

Poboación ocupada segundo curse ou non estudos (4T 2018)




Fonte: IGE a partir da EPA

Con respecto aos ingresos dunha persoa nova de entre 16 e 25 anos, segundo a Enquisa Anual de Estrutura Salarial, a media para Galicia aumenta no 2017 ata superar en case 100 euros a media española (11 549 € fronte a 11 473 €), tras dous anos de descensos. Este dato ten que ser considerado con cautela, xa que a metodoloxía da fonte indica que o número de observacións mostrais para Galicia é

moi pequeno (entre 100 e 500), polo que, ademais de ser pouco representativa, a cifra está suxeita a gran variabilidade.


Evolución do salario neto por persoa de 16 a 25 anos (2008 – 2017)



Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial

No caso dos ingresos dunha persoa de entre 25 e 34 anos, a media sobe ata os 16 932 € no caso de Galicia, un 9,3 % menos que a media española (18 506 €). Esta diferenza reduciuse á metade dende o ano 2007, que era dun 18,8 %, pero máis por unha diminución da media española que por un aumento da galega

Evolución do salario neto por persoa de 25-34 anos (2008-2017)



Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial


En relación coa fenda de xénero na media de ingresos, esta é aínda elevada. No tramo de 25 a 34 anos, esta diferenza é 10 puntos porcentuais superior en Galicia que en España (29,7 % fronte a 19,3 %). Entre as persoas de entre 16 e 25 anos, no conxunto de Estado a fenda entre homes e mulleres é do 28,7 %, case 10 puntos máis que no tramo de 25 a 34, polo que posiblemente en Galicia tamén sexa máis elevado (non hai datos do salario medio neto das mulleres entre 16 e 25 anos).

Ingresos medios por persoa entre 16 – 24 anos (4T2018)



Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial


Ingresos medios por persoa entre 25 – 34 anos (4T2018)



Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial


Como na Enquisa de Estrutura Salarial do INE o tamaño mostral en Galicia é pequeno, compléméntase este dato coa seguinte estatística da Enquisa Estrutural a Fogares do IGE, que non nos permite comparar con España, pero si observar a evolución positiva dende 2014 dos ingresos de fogares onde habita xente nova (49 034 en total, o 4,62 % dos fogares), *aínda que se está por debaixo do nivel de ingresos no 2007. A pesar disto, case un 30 % dos fogares mozos ingresan menos de 1000 euros mensuais.*

Ingresos dos fogares coa persoa sustentadora principal menor de 30 anos (2007 – 2017)



Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial


Nivel de ingresos mensuais en fogares con menores de 35 anos (2007 – 2017)



Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial

A distancia entre a taxa de risco de pobreza da mocidade segundo vivan ou non cos pais reduciuse no último ano. A taxa é superior cando residen con proxenitores, do que se pode deducir que as persoas novas que atrasan a súa idade de emancipación non só están en condicións económicas precarias a nivel persoal senón tamén familiar.


Taxa de risco de pobreza da mocidade segundo viva ou non cos pais (2007 – 2017)



Fonte: Enquisa Estrutural a Fogares

Na seguinte gráfica atopamos que das persoas novas que viven cos seus pais, máis de tres cuartos non traballaron no último ano ningún día. No tramo de 25 a 34 anos a situación é radicalmente distinta: case a metade das persoas que residen cos proxenitores traballou todo o ano.


Mozos/as que viven cos pais segundo a intensidade do traballo remunerado no último ano (2017)



Fonte: Enquisa Estrutural a Fogares


Como xa se explicou anteriormente, entre un 19,9 % (25-34) e un 38,6 % (16-24) dos mozos e mozas ocupados tamén estuda. No caso da mocidade en paro, cursan estudos entre un 68,7 % (16-24) e un 38,6 % (25-34), e dos inactivos, están estudando entre o 48,4 % (25-34) e un 95,6 % (16-24).

Poboación parada segundo curse ou non estudos por grupo de idade (2017)



Fonte: Enquisa Estrutural a Fogares


Poboación inactiva segundo curse ou non estudos por grupo de idade (2017)



Fonte: Enquisa Estrutural a Fogares

Dos fogares compostos por persoas menores de 35 anos, en case un 70 % residen parellas, mentres que un 28,4 % son unipersoais e só o 3,4 %, doutro tipo, incluída a vivenda compartida, modalidade que posiblemente se vexa máis utilizada nos próximos anos.

Tipoloxía dos fogares con menores de 35 anos (2007)




Fonte: Enquisa Estrutural a fogares

3.3. Custo de acceso á vivenda

Para introducir este apartado, póñense en contexto os datos sobre o prezo da vivenda, tanto de compra como de alugueiro.


Con respecto ao prezo da vivenda libre, obsérvase un aumento dende o 2014 en España, mentres en Galicia permanece practicamente estancado. Existen importantes diferenzas entre provincias, con dinámicas parecidas entre Lugo e Ourense, por unha banda, e Pontevedra e A Coruña, por outra.

Evolución do valor taxado medio da vivenda libre (2007 – 2019)



Fonte: Ministerio de Fomento


Valor taxado medio da vivenda libre segundo a provincia (1T2019)



Fonte: Ministerio de Fomento

O prezo do alugueiro presenta unha importante suba nos últimos anos, pero moi lonxe aínda dos 674 euros de media en España, segundo publicou o Observatorio de Vivenda e Solo do Ministerio de Fomento en setembro do 2019.

Importe medio do alugueiro (2014 – 2019)




Fonte: Observatorio da Vivenda de Galicia

Aínda que o mercado inmobiliario galego é máis accesible que o do resto de España (sobre todo na compra), para unha persoa nova asalariada a emancipación en solitario implica destinar case a metade dos ingresos ao pago da vivenda. Porén, os datos son moito peores para o conxunto do Estado, onde debe destinar a práctica totalidade do seu salario se quere comprar unha vivenda.


No caso do alugueiro, o custo de acceso é practicamente idéntico en Galicia que no conxunto de España. Se ben para un fogar a porcentaxe de ingresos que se teñen que dedicar a pagar a renda se sitúa no limiar do que se pode considerar como accesible, para unha persoa nova en solitario representa o 60 % dos seus ingresos.

Custo de acceso á compra (4T 2018)



Fonte: Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España

Custo de acceso ao alugueiro (4T 2018)



Fonte: Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España

4. ANÁLISE DA OFERTA NOS PORTAIS IMMOBILIARIOS




**XUNTA
DE GALICIA**

4. Análise da oferta nos portais inmobiliarios

Os fogares cuxa persoa de referencia ten 35 anos ou menos son, en xeral, de menor tamaño. Nun 63,6 % deles habitan unha ou dúas persoas, un dato case vinte puntos menor que o total dos fogares galegos.


Tipoloxía dos fogares segundo a idade (2017)



Fonte: Enquisa Estrutural a Fogares

Para analizarse a oferta adecúase tipoloxicamente á demanda que poden ter máis da metade dos fogares mozos (e un 45,8% dos fogares totais), realízase unha busca por superficie no portal inmobiliario Idealista, tanto para compra como para alugueiro.


Vivendas ofertadas para alugueiro en Idealista por superficie e provincia (2019)



Fonte: Idealista

Con respecto ao alugueiro, obsérvase que o 2,2 % das 4708 vivendas ofertadas (o 9,2 % das que se ofertan para compra) ten unha superficie inferior aos 40 m², mentres que as que contan con 100 m² ou máis representan o 38 % do total. A provincia que, en termos absolutos e relativos, dispón de máis vivendas de tamaño reducido é Pontevedra, co 4 % inferior aos 40 m², pero tamén é a que posúe unha maior porcentaxe das vivendas máis amplas (o 43 % da oferta). A Coruña ten unha porcentaxe similar a Ourense e Lugo de menos de 40 m² (entre o 1,2 e o 1,4 %).


Vivendas ofertadas para compra en Idealista por superficie e provincia (2019)



Fonte: Idealista

Para coñecer as tendencias actuais na vivenda de nova construción, analízase a oferta de alugueiro e venda en Idealista coa etiqueta “obra nova”. Con respecto ao alugueiro, a mostra é de moi reducido tamaño: só hai 16 en toda Galicia (o 1 % das vivendas novas en venda), das cales dúas (situadas na provincia da Coruña) son de tamaño inferior a 40 m² (o 12,5 %), a mesma cantidade que de 100 m² ou máis. A provincia de Lugo non dispón de ningunha vivenda de obra nova en alugueiro.


Vivendas de obra nova ofertadas para alugueiro en Idealista por superficie e provincia (2019)



Fonte: Idealista.


Por parte do portal Fotocasa, obsérvase que o 15,4 % das 3512 vivendas ofertadas, 1196 menos que en Idealista, ten unha superficie inferior aos 60 m², mentres que as que contan con 120 m² ou máis representan case o 20 % do total. A provincia que, en termos absolutos, dispón de máis vivendas de tamaño reducido é A Coruña, mentres que Pontevedra lidera a lista en termos relativos, co 18 % inferior aos 60 m². As altas cifras débense principalmente a que Fotocasa establece o criterio nos 60m², en lugar dos 40, marxe na que se inclúen unha gran cantidade de vivendas.

Vivendas ofertadas para alugueiro en Fotocasa por superficie e provincia (2020)



Fonte: Fotocasa


Vivendas ofertadas para compra en Fotocasa por superficie e provincia (2020)



Fonte: Fotocasa

Con respecto ás vivendas de nova construción, analízase a oferta de alugueiro en Fotocasa coa etiqueta “obra nova”. Con respecto ao alugueiro, a mostra é reducida, pero maior á ofertada en Idealista: hai 43 en toda Galicia, das cales once (situadas nas provincias da Coruña e Pontevedra) son de tamaño inferior a 60 m², o 25 % do total. A provincia de Lugo non dispón de ningunha vivenda de obra nova en alugueiro.

Vivendas de obra nova ofertadas para alugueiro en Fotocasa por superficie e provincia (2020)



Fonte: Fotocasa.

5. AXUDAS E SUBVENCiónS



**XUNTA
DE GALICIA**

5. Axudas e subvencións

Neste apartado recóllense as principais axudas e subvencións dirixidas a facilitar a emancipación xuvenil desde unha perspectiva ampla: no primeiro punto, enuméranse as axudas directas á vivenda; no segundo, as axudas fiscais (tendo en conta que o gasto fiscal supón o 50 % do gasto total en política de vivenda das comunidades autónomas); e no terceiro, outras axudas dirixidas á mocidade en materia de emprego e contratación. As medidas enumeradas foron convocadas ou están vixentes no ano natural de 2019, e forman parte Plan estratéxico de xuventude 2019-2020 da Xunta de Galicia, dotado con 410 millóns de euros. O Plan consta de 125 medidas estruturadas en doce eixes de acción, dos cales un está dedicado ao acceso á vivenda no que se prevé a posta en marcha dunha oficina de emancipación xuvenil.

As axudas relacionadas coa mocidade obtéñense dunha busca realizada na sede electrónica da Xunta de Galicia coas etiquetas “axudas e subvencións”, “programas”, “mozos e mozas”, así como no buscador do Igape (2019) por palabras clave como “mocidade” e “xuventude”.

5.1. Axudas directas

A continuación expóñense as axudas directas existentes para a adquisición de vivenda por parte da xente nova:

- **Liña específica de axudas ao alugamento de vivendas para menores de 35 anos do Plan estatal de vivenda 2018–2021.**

A liña B das axudas ao alugamento está dirixida a persoas con escasos medios económicos que non teñan cumpridos os 35 anos na data de presentación da solicitude. A contía da axuda é do 50 % da renda mensual de alugueiro, e os ingresos da unidade de convivencia deben estar entre entre 0,7 e 3 veces o IPREM. En caso de familias numerosas e persoas con discapacidade, os ingresos poden chegar a catro ou cinco veces o IPREM.

As axudas concédense por un prazo máximo de 3 anos e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2021, prazo de remate da vixencia do Plan 2018-2021, aínda que para poder conseguir as anualidades do segundo e o terceiro ano deberá solicitarse a renovación.

A renda mensual da vivenda, sen incluír gastos como os de comunidade, non pode superar os seguintes importes, dependendo do concello no que estea situada:



Zona territorial	Importe máximo da renda mensual de alugamento	Só no caso de familias numerosas ou necesidade dunha vivenda adaptada	Concellos
Prezo máximo superior	500 €	600 €	A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra.
Zona territorial 1	400 €	480 €	Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Ferrol, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro. Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Ponteareas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.
Zona territorial 2	300 €	360 €	O resto de concellos de Galicia

- **Programa de axudas á compra de vivendas para persoas mozas en municipios de pequeno tamaño do Plan estatal de vivenda 2018 – 2021.**

Os ingresos da unidade de convivencia deben ser iguais ou inferiores a tres veces o IPREM. En caso de familias numerosas e persoas con discapacidade, os ingresos poden chegar a catro ou cinco veces o IPREM. A vivenda debe estar localizada nun concello de poboación inferior a 5000 habitantes, e o prezo de adquisición desta, incluídos anexos, debe ser igual ou inferior a 100 000 euros. A vivenda pode ser de nova construción ou de segunda man e debe estar destinada a residencia habitual e permanente por un prazo de, polo menos, cinco anos contados dende a data da formalización da súa adquisición.

A contía da axuda para a adquisición será de ata 10 800 euros por vivenda, co límite do 20 % do prezo de venda, sen incluír os gastos e os tributos inherentes a esa adquisición.

- **Axudas á compra de vivenda para menores de 35 anos nos centros históricos ou concellos de menos de 5000 habitantes do IGVS.**

Esta subvencións teñen por obxecto axudar ás persoas novas a afrontar a emancipación, así como revitalizar e poñer en valor os centros históricos. Enténdese como tales os delimitados no anexo da orde do 1 de marzo de 2018 pola que se determinan os centros históricos para os efectos das deducións previstas nos números

14 do artigo 5, e 6 e 7 do artigo 13 ter, do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo (Diario Oficial de Galicia núm. 51, do 13 de marzo de 2018).

Os ingresos da unidade de convivencia deben ser iguais ou inferiores a tres veces o IPREM. En caso de familias numerosas e persoas con discapacidade, os ingresos poden chegar a catro ou cinco veces o IPREM. O prezo da vivenda nos centros históricos dos sete grandes concellos non pode superar o máximo previsto para as vivendas de protección autonómica de réxime concertado nos municipios de prezo máximo superior. No caso de vivendas noutros ámbitos, non poderá superar o prezo máximo previsto para as de protección autonómica de réxime concertado situadas na zona I.

A contía da axuda para a adquisición será de ata 12 800 euros por vivenda, no suposto das adquiridas nos municipios da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, e de 10 800 euros, no caso das adquiridas en calquera outro municipio. As axudas terán o límite do 20 % do prezo de venda, o cal non incluírá os gastos e os tributos inherentes a esa adquisición.

Estas axudas son compatibles con outras para o mesmo obxecto, con excepción das axudas para a adquisición previstas no Plan estatal de vivenda 2018-2021.

- **Programas de fomento de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas e de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural.**

O Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021 establece no seu artigo 61 que se incrementarán nun 25 % as axudas unitarias dos programas nomeados cando os beneficiarios sexan menores de 35 anos e as actuacións se realicen en municipios de pequeno tamaño.

5.2. Axudas indirectas

A continuación enuméranse as axudas indirectas para o acceso á vivenda da poboación nova:

- **Redución pola adquisición de diñeiro destinado á adquisición dunha vivenda habitual en Galicia.**

Nas doazóns a fillos e descendentes de diñeiro destinado á adquisición de vivenda habitual aplicarase unha redución do 95 % da base imponible do imposto no caso de que a persoa donataria sexa menor de 35 anos. Debe tratarse da adquisición da súa primeira vivenda habitual, e o importe da doazón non pode sobrepasar os 60 000 euros. A persoa donataria deberá adquirir unha vivenda situada en Galicia nos seis meses seguintes á doazón.



- **Dedución por alugueiro de vivenda habitual.**

A persoa contribuínte poderá deducir da cota íntegra autonómica o 10 %, cun límite de 300 euros por contrato de arrendamento, que será do 20 % cun límite de 600 euros se ten dous ou máis fillos menores de idade, das cantidades que satisfíxese durante o período impositivo en concepto de alugueiro da súa vivenda habitual, a condición de que concorran os requisitos seguintes:

- a) Que a súa idade, na data de pagamento do imposto, sexa igual ou inferior a 35 anos.
- b) Que a data do contrato de arrendamento sexa posterior ao 1 de xaneiro de 2003.
- c) Que constituíse o depósito da fianza.
- d) Que a base imponible do período, antes da aplicación das reducións por mínimo persoal ou familiar, non sexa superior a 22 000 euros.

As contías fixadas por esta dedución duplicaranse no caso de que o arrendatario teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

- **Tipo de gravame para a adquisición de vivenda habitual por menores de 36 anos.**

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 % (o xeral é do 7 %), sempre que este cumpra os requisitos seguintes:

- a) Que na data de pagamento do imposto o adquirente teña unha idade inferior a 36 anos.
- b) Que a suma do patrimonio dos adquirentes para os cales vaia constituír a súa vivenda habitual e, no seu caso, dos demais membros das súas unidades familiares non exceda da cifra de 200 000 euros, máis 30 000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda do primeiro.
- c) A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a data de nacemento do adquirente e a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.

5.3. Outras axudas relacionadas coa mocidade

A continuación, expóñense outras axudas destinadas á mocidade en materia de emprego e contratación que contribúen a facilitar a súa emancipación:



- **Subvención para entidades sen ánimo de lucro que contraten persoas mozas para a realización de servizos de interese xeral e social. Programa operativo de emprego xuvenil.**

Esta convocatoria ten por obxecto o financiamento de accións de fomento do emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, a través da contratación durante sete meses de persoas mozas incluídas e que consten como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Poderán ser beneficiarias das axudas e as subvencións previstas nesta orde as entidades sen ánimo de lucro que na data de publicación da presente convocatoria estean inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) na categoría de iniciativa social do devandito rexistro e que estean incluídas nalgunha das áreas de actuación recollida no RUEPSS: comunidade (servizos comunitarios), dependencia, discapacidade, inclusión, maiores, familia, infancia, menores e igualdade e sempre que non estean incursas nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A contía máxima da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será igual ao resultado de multiplicar o número de persoas contratadas polo importe do módulo que lle corresponda en función do grupo de cotización á Seguridade Social do traballador ou traballadora que se contrate:

- a) Módulo A (grupos de cotización da Seguridade Social 10 e 11): 8.703,46 euros.
- b) Módulo B (grupos de cotización da Seguridade Social 9 ao 5): 11.604,62 euros.
- c) Módulo C (grupos de cotización da Seguridade Social 4 ao 1): 17.406,92 euros.

Establécense límites á contratación de persoas traballadoras en función do ámbito territorial de actuación.

- **Programa Emprega Xuventude de incentivos á contratación e formación de persoas mozas.**

Ten a finalidade de facilitar a inserción laboral das persoas menores de 30 anos desempregadas que presentan desvantaxes e dificultades particulares para permanecer no mercado de traballo, e favorecer o emprego estable e facilitar a empregabilidade e ocupabilidade. Por medio desta convocatoria, as empresas terán a posibilidade de obter axudas para a contratación indefinida inicial, a contratación temporal cunha duración inicial mínima de 12 meses e para formación por conta allea.

Inclúense dous tipos de axuda compatibles:

- a) Bono de contratación, por medio do cal se proporcionará unha subvención para a contratación indefinida inicial ou temporal cunha duración mínima inicial de doce meses a persoas desempregadas mozas menores de 30 anos.



b) Bono de formación (opcional) dirixido ás persoas contratadas por medio desta orde, para levar a cabo accións formativas que melloren os seus coñecementos e habilidades relacionados co posto de traballo.

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas, os centros especiais de emprego, as entidades de formación, así como as entidades sen ánimo de lucro.

Para as contratacións indefinidas iniciais realizadas ao abeiro desta orde de convocatoria incentivaranse cunha axuda de 6000 euros por cada persoa desempregada menor de 30 anos contratada. No caso da modalidade de fixos-descontinuos a contía do incentivo será proporcional ao tempo de traballo. As contratacións temporais cunha duración mínima inicial de doce meses incentivaranse cunha axuda de 3000 euros por cada persoa desempregada menor de 30 anos que cumpra os requisitos. As contías establecidas incrementaranse nun 25 % nos seguintes casos, que son acumulables entre si:

- Se é unha empresa con máis de 50 persoas traballadoras e cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 70 %.
- Se a actividade da entidade solicitante pertence ao ámbito de sectores estratéxicos.

- **Axudas á incorporación de persoas mozas á actividade agraria.**

Esta axuda está incluída no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

Pode ser beneficiaria calquera persoa física que, no momento de presentar a solicitude, non teña máis de corenta anos, conte coa capacidade e as competencias profesionais adecuadas e se instale nunha explotación agraria por vez primeira como xefe/a da devandita explotación.

A axuda concederáse pola execución do plan empresarial e consistirá nunha prima cuxa contía básica, calculada de acordo cunha estimación dos custos da Seguridade Social da persoa moza durante os cinco anos de permanencia mínima na actividade agraria, está establecida en 20 000 €, que poderá incrementarse en determinadas situacións, sen que a axuda total supere os 70 000 €.

- **Axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove.**

Enténdense por iniciativas xuvenís os proxectos liderados pola mocidade da Comunidade Autónoma de Galicia nos cales as persoas novas sexan as verdadeiras protagonistas, a través da participación activa na planificación e na realización das actividades deseñadas por elas mesmas. A finalidade das subvencións é fomentar e consolidar a participación libre e eficaz da mocidade no desenvolvemento político, social, económico e cultural, así como promover a adecuada utilización do lecer, a calidade de vida e o benestar dos mozos e mozas de Galicia a través de proxectos integrais e específicos de actuación.

Non se trata de axudas á contratación ou emprego de xeito directo, mais unha das áreas prioritarias é a Iniciativa Xove Emprendedora (proxectos que lle permitan á mocidade poñer en marcha as súas ideas no ámbito do emprendemento e da empregabilidade).

Os proxectos deberán levarse a cabo no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Só se poderá presentar un proxecto por solicitante e o seu orzamento total non será superior a 5000 €.

- **Contratación de xestores de internacionalización**

Esta axuda ten como obxectivo facilitar a adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización e a incorporación ou reinserción ao mercado laboral de profesionais no ámbito do comercio exterior, con prioridade para a mocidade sen ou con pouca experiencia (mozos/as profesionais nados/as a partir do 1 de xaneiro de 1984) e os sénior experimentados maiores de 45 anos en situación de desemprego. Ao mesmo tempo préstaselles apoio ás pemes galegas no seu proceso de internacionalización, ao poñer a disposición destas e dos organismos empresariais información sobre profesionais con formación especializada e unha subvención a fondo perdido para a súa contratación.

Os xestores deben contar con titulación universitaria ou coa titulación de formación profesional de técnico superior en comercio internacional ou con certificado de profesionalidade de comercio exterior ou comercio internacional.

En todo caso, deberán estar dados de alta como demandantes de emprego (ou demandantes de mellora de emprego) no Servizo Público de Emprego de Galicia. O importe de salario mensual neto subvencionable con rateo de pagas extra estará fixado segundo o perfil ao que pertenza o xestor. No caso da xente nova, o importe do salario mensual neto subvencionable con rateo de pagas extra é de 1358,89 €. A contía da axuda calcúlase aplicando as seguintes porcentaxes sobre o custo subvencionable:

a) 80 % no caso de contratación de mulleres ou xente nova de calquera xénero inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

b) 70 % no resto dos casos.

6. CONCLUSIONES



XUNTA
DE GALICIA


6. Conclusións

Da análise realizada pódese concluír que en Galicia a taxa de emancipación é moi similar á española (18,1 % fronte a 19 %), o que a sitúa no medio da táboa se a comparamos con outras comunidades autónomas. Fronte á caída xeneralizada desta taxa con respecto a 2008, Galicia é a comunidade na que menos descendeu (no tramo de 18 a 29 anos) e mesmo se produciu no último ano un leve incremento.

Comparando os datos de mocidade emancipada cos datos laborais e de ingresos, non se observa que a relación entre estas variables sexa de correlación directa, fronte ao que se podería esperar. Os datos económicos presentan tendencia ascendente, mais non os datos de emancipación, ou polo menos non no mesmo nivel. A metade das persoas de entre 25 e 34 anos que segue vivindo cos seus pais ten traballo ao longo de todo o ano, o que apunta a que non só inflúe taxa de ocupación, senón tamén de calidade dos empregos creados en canto á duración e ao tipo de xornada: case a metade da mocidade asalariada ten contratos temporais, así como un índice elevado de traballos a tempo parcial (este últimos con máis incidencia nas mulleres). Tamén os datos de formación ofrecen pistas sobre o atraso na idade de emancipación: Galicia presenta unha porcentaxe de mozos e mozas con estudos superiores maior á do conxunto do Estado. Entre un 20 e un 40 % da xente nova ocupada (segundo o tramo de idade) estuda mentres traballa.

Con respecto ao custo de acceso á vivenda en Galicia, obsérvase que este é sensiblemente inferior no caso da compra, da orde da metade que o esforzo que representa de media en España. O prezo da vivenda aumenta no total do Estado, mentres que en Galicia se mantén estable. Porén, o prezo do alugueiro si que está en tendencia ascendente, aínda que de media un 25 % máis barato con respecto á media estatal, pero a diferenza no nivel de ingresos fai que o custo do alugueiro sexa practicamente igual en Galicia que no conxunto de España. O acceso á vivenda en solitario representa un esforzo que supera amplamente o limiar do considerado accesible, o que pode ter relación con que case o 70 % dos fogares con xente nova sexan de parellas.

En relación coa tipoloxía de vivenda que se atopa no mercado, unha investigación nun dos principais portais inmobiliarios (Idealista) indícanos que a oferta, tanto en compra como en alugueiro, non reflicte as posibles necesidades que podería ter un fogar destinado a xente nova, na súa gran maioría unipersoal ou de parella sen fillos, en canto á superficie. A análise do stock de vivenda nova indica que este presenta, en xeral, un tamaño medio inferior, mais non aumenta a oferta de vivenda de tamaño reducido.



**XUNTA
DE GALICIA**